

# **BASES DO XXXIX CERTAME LITERARIO DO EXCMO. CONCELLO DE VILALBA 2013**

O Concello de Vilalba, co afán de estimular a creación poética convoca o XXXIX Certame Literario.

## **PRIMEIRA.**

Este concurso consta de dous premios:

Primeiro premio: 3000 euros, flor natural e diploma.

Segundo premio: 1000 euros, flor natural e diploma.

O xurado reservarse a facultade de conceder os accésits (carentes de dotación económica) que estime oportunos.

As obrigacións fiscais que se deriven do premio serán responsabilidade única do autor ou autora

## **SEGUNDA.**

Poderán concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

## **TERCEIRA.**

Os poemas serán orixinais e inéditos, escritos en galego, non premiados noutros concursos en datas anteriores ao fallo do xurado. O incumprimento dalgunha destas condicións nas obras premiadas significaría a anulación das adxudicacións, procedendo o xurado a formular de novo as propostas de adxudicación ou declarando deserto o premio.

## **CUARTA.**

O tema dos traballos será libre e a súa extensión mínima será de 500 versos.

#### **QUINTA.**

Deberán presentar 5 orixinais por cada obra en tamaño DIN A4 mecanografados a dobre espazo.

#### **SEXTA.**

Todos os traballos han de presentarse acompañados dun sobre pechado ou plica facendo constar o lema que distinga o traballo. No interior figurarán os datos persoais, enderezo e teléfono do autor ou autora, así como unha biografía del, e unha declaración formal de que a obra é inédita.

#### **SÉTIMA.**

Todos os traballos que concorran ao Certame Literario serán dirixidos ao Concello de Vilalba, Praza da Constitución núm. 1, 27800 Vilalba (Lugo), facendo constar no exterior do sobre **"Para o Certame Literario"**.

O prazo de admisión de orixinais remata o día 19/07/2013, considerándose incluídas neste prazo as obras que enviadas por correo ostenten o selo de orixe con esta ou unha data anterior.

#### **OITAVA.**

O dictame do xurado darase a coñecer o día 24/08/2013, a través dos distintos medios de comunicación. As persoas premiadas deberán asistir persoalmente, ou mediante representante caso de resultarles imposíbel a entrega de premios que efectuarase nun magno acto que terá lugar en Vilalba o día 30 de agosto, coincidindo co comezo das festas de San Ramón e Santa María 2013.

O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario. A súa composición será dada a coñecer xunto coa emisión do resultado.

No caso de que as obras presentadas non acadasen o nivel esixible a xuízo do xurado para a obtención dos premios ou non tivesen a categoría suficiente, poderán declararse desertos.

## **NOVENA**

O Concello de Vilalba reservase en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas e accésits durante o prazo máximo de 6 meses, contados dende o momento do fallo, sen pago adicional algún o da propia cuantía do premio, constituíndo éste a única e total remuneración, considerándose e convindo os seus autores/as a tales efectos que:

a) Ceden por tempo indefinido, sen límite territorial e para calquera dos posibles sistemas de comercialización, modalidades e soportes de edición, os dereitos de reprodución, distribución e venda das obras premiadas. Esta cesión será en exclusiva para o Concello de Vilalba.

b) O Concello de Vilalba queda facultado para a realización, por si mesmo ou mediante convenio co servizo editorial público ou privado, de cantas edicións considere oportunas, e co número de exemplares que en cada unha de elas decida libremente.

c) O Concello de Vilalba queda facultado para a tradución das obras premiadas a outros idiomas, cos mesmos dereitos de explotación e uso que na lingua orixinal, sempre contando co visto e prace do autor da obra.

## **DÉCIMA.**

As obras non premiadas serán destruídas xunto coas súas plicas, non admitíndose peticións de devolución.

## **DÉCIMO PRIMEIRA.**

O fallo do xurado é inapelable, os concursantes aceptan integramente estas bases así como cantas decisións adopte o Concello de Vilalba para que estas poidan ser interpretadas e aplicadas.

## **CUARTA.**

O tema dos traballos será libre e a súa extensión mínima será de 500 versos.